



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia PCO.001.2024.00162

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADJUDICA O CONTRATO DE SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00162**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 8 de xullo de 2024 en relación co expediente PCO.001.2024.00162 acordou:

1.- Declarar incluída na licitación a empresa:

ARBOGAL 2007, S.L.

2.- Incluír provisionalmente na licitación, a empresa:

ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN, S.L.

e outorgarlle un trámite de audiencia para que poida emendar a documentación presentada

2º) A Mesa de Contratación na súa sesión de data 12 de xullo de 2024 en relación co expediente PCO.001.2024.00162 acordou declarar incluída definitivamente na licitación a empresa:

ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN, S.L.

3º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 26 de xullo de 2024 en relación co expediente PCO.001.2024.00162, acordou:

1.- Excluír da licitación a oferta presentada por ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN, S.L., por non acadar a puntuación mínima de 25 puntos esixida no prego de cláusulas administrativas para pasar á seguinte fase de valoración.

2.- Outorgar un trámite de audiencia á empresa ARBOGAL 2007, S.L., cuxa oferta contén valores anormalmente baixos, para que xustifique a proposta presentada.

4º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 14 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2024.00162 propuxo a adjudicación a ARBOGAL 2007, S.L. que presentou a oferta máis vantaxosa, que se considerou xustificada suficientemente, para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adjudicación do contrato de SERVIZOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00162

5º.- Mediante Resolución da Presidencia número 33538 de data 16 de agosto de 2024 requiriuse a ARBOGAL 2007, S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida.

## RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión da oferta presentada por ÁRBOL, INVESTIGACIÓN Y GESTIÓN, S.L., por non acadar a puntuación mínima de 25 puntos esixida no prego de cláusulas administrativas para pasar á seguinte fase de valoración.

2º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración o contrato de SERVICIOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO ARBOREDO DO PAZO DE MARIÑÁN, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2024.00162, á empresa **ARBOGAL 2007, S.L., NIF B36548915**, con domicilio na rúa PEIRAO DO COVELO 1; 36992 Poio (Pontevedra), nas seguintes condicións:

### 1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

### 1.2. Prezo do contrato:

Concepto	prezo anual	prezo total (dous anos)
Prezo sen IVE	22.401,61	44.803,22
Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)	4.704,34	9.408,68
Prezo IVE incluído	<b>27.105,95</b>	<b>54.211,90</b>

1.3. Prazo de execución: Dous anos a partir do día seguinte á formalización do contrato en documento administrativo, prorrogable ata un máximo de dous anos máis, segundo o previsto na cláusula 3.

1.5. Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo, sen prexuízo do axuste de anualidades que procede en función da data efectiva de formalización do contrato:

PARTIDA	ANO	NÚMERO OPERACIÓN	ORZAMENTO	PREZO	ECONOMÍA
0420/93366/22799	2024 (1 trimestre)	A 220240029875	8.715,74	<b>6.776,49</b>	1.939,25
	2025 (4 trimestres)	AP 220249000394	34.862,96	<b>27.105,95</b>	7.757,01
	2026 (3 trimestres)		26.147,22	<b>20.329,46</b>	5.817,76
TOTAL			<b>69.725,92</b>	<b>54.211,90</b>	<b>15.514,02</b>

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato queda suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente. A mesma condición suspensiva rexe para as sucesivas anualidades e as eventuais prórrogas.

1.6. De conformidade co disposto no artigo 151 LCSP, indícase que resultou admitida para participar na licitación a oferta de ARBOGAL 2007, S.L., que resultou a oferta economicamente máis vantaxosa e que se considerou xustificada suficientemente e, en virtude desta Resolución resulta a adxudicataria do contrato.

As características e vantaxes da súa proposición e que determinaron que fora seleccionada a súa oferta son as seguintes:

No referente aos criterios non avaliados de forma automática obtivo unha puntuación de 44,00 puntos.

No que atinxe aos criterios avaliados automaticamente obtivo unha puntuación de 45,88 puntos.

3º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que ao efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos polo importe que se lle indicará.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcurrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.